

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de setembro de 2021**

Ás 18.20 horas do día 16 de setembro de 2021, réunese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE XULLO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de xullo de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 22 de xullo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** contesta unha pregunta realizada por D. Álvaro Vila sobre o Club Ourense Baloncesto. Consultouse co club a situación, e a finais de mes terán unha xunta na que acordarán se amplían ou non o capital.

D. Bernardo Varela López, do BNG, respecto á moción do BNG que se aprobou no último Pleno sobre a Comisión de Patrimonio, roga que se materialice e que se poña en marcha esa comisión.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, roga que, xa que estamos na Comisión da Mocidade, dende a Deputación se faga un plan para traballar con este colectivo que está no foco de certas aptitudes, quizás derivadas dunha fatiga pandémica que está repercutindo neles máis que noutro colectivo. Debería existir un programa provincial específico de cara á mocidade para que traballe con eles de cara aos aspectos necesarios, saúde, vivenda, formación, emprego, e coidar á mocidade no rural e que non se produza o baleirado dos nosos pobos. Un programa para axudala. Considera que a xuventude de hoxe é a mellor preparada, tecnoloxicamente e témola que coidar.

E, ás 18.22 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

.